

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 10 DE FEBREIRO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de febreiro de dous mil vinte; as once horas e corenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Clara Loeda Soto.

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 688/2019 RIB / S/328.4/19

Visto o escrito presentado por don Brais Fidalgo Martínez, onde solicita Licenza de Obras para “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA (OURENSE)”, redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, visado polo COAG con data de 12 de agosto de 2019; e “MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA (OURENSE)”, visado o 26 de novembro de 2019; e “Medicións e presuposto corrixido e resumo do presuposto corrixido” visado o 12 de decembro de 2019 e redactados polo mesmo arquitecto.

Consta no expediente:

-“ PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA (OURENSE)”, redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, visado polo COAG con data de 12 de agosto de 2019; e “MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA (OURENSE)”, visado o 26 de novembro de 2019; e “Medicións e presuposto corrixido e resumo do presuposto corrixido” visado o 12 de decembro de 2019 e redactados polo mesmo arquitecto.

- Informe favorable da Comisión de Seguemento do PEPRI na súa sesión de data 18 de decembro de 2019.

-Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Turismo data de sinatura 7 de febreiro de 2020..

-Informe da empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, Aqualia .

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de data 10 de febreiro de 2020.

-Informe do Secretario municipal de data 11 de febreiro de 2020.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenza de obras a don Brais Fidalgo Martínez para -“ PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA (OURENSE)”, redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, visado polo COAG con data de 12 de agosto de 2019; e “ MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA (OURENSE)”, visado o 26 de novembro de 2019; e “ Medicións e presuposto corrixido e resumo do presuposto corrixido” visado o 12 de decembro de 2019 e redactados polo mesmo arquitecto, en Praza da Madalena nº4, Ribadavia, referencia catastral 0823114NG7802S.

Conceder a excepcionalidade do cumprimento do Apartado I.A.3 do Decreto 29/2010 , polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia , nos seguintes puntos:

-Disposición de lavadoiro. A vivenda conta con posibilidade de tendal no patio.

-Disposición dun cuarto de baño cunha superficie mínima de 5,00 m2, dado que o cuarto de baño que se proxecta conta cunha superficie de 4,87 m2.

1.- Condicións xerais:

As licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará .
Rehabilitación de vivenda unifamiliar- uso residencial

Contía na que se orzan as obras: 80.606,92 €.

Situación e emprazamento das obras: Praza da Madalena nº4.

Referencia catastral: 0823114NG7802S.

Nome ou razón social do promotor: *D Brais Fidalgo Martínez.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: Xirase unha liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras pola contía de 2095,77 euros.

Debe cumprirse o sinalado na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Turismo de data 7 de febreiro de 2020: o promotor deberá avisar ao arqueólogo municipal con tres días de antelación ó inicio da remoción das terras para executar o control arqueolóxico.

Debe cumprirse o sinalado no informe da empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga na execución das obras de conexión coas redes municipais de saneamento, de recollida de augas pluviais e de abastecemento de auga.

Debe depositar un aval económico coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público , unha vez rematadas as obras, por importe de 500 euros.

Previo o inicio das obras deberán achegarse os Oficios de dirección das obras e de coordinación en materia de seguridade e saúde, así como o impreso de estatística da edificación.

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 1180/2019; RIB/C/71.5/16

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación presentada por dona Dolores Rodríguez Vázquez en relación a unha vivenda sita en Estrada Ou-406 nº51, San Paio.

Considerando que con número de rexistro de entrada no concello 6179 de 30 de decembro de 2019 achega informe complementario á Certificación Final de obra e documentación planimétrica aclaratoria adxunta a certificación final de obra.

Visto o informe da arquitecta municipal de data 3 de febreiro de 2020 no que conclúe: “ Por todo o exposto, infórmase favorablemente a licenza de primeira ocupación”

Visto o artigo 143 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

A xunta de goberno , competente por delegación efectuada por decreto de alcaldía de data 17 de xuño de 2019, acorda:

-Conceder a licenza de primeira ocupación da vivenda sita en Estrada OU-406,nº51 San Paio, Ribadavia, referencia catastral 2339724NG7823N0001ZX.

-Notifíquese o presente acordo ós interesados.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello de 7 de febreiro de 2020, no que expón:

En relación co vial caído en Prexigueiro e para o que xa pedimos o urxente arranxo no pasado pleno do mes de xaneiro, e, tendo en conta a necesidade desta e outras melloras para esta localidade que deben ser prioritarias para facilitar a vida dos veciños e para o mantemento e promoción da Vila Termal.

E solicitan:

Convocatoria da xuntanza do Padroado por parte do Alcalde e Presidente da Fundación Vila Termal de Prexigueiro.

Se adopten medidas administrativas e institucionais para o arranxo urxente do vial derrubado de acceso a Prexigueiro (xa reclamado no pasado pleno).

Se leven a cabo outras melloras reclamadas nesta lexislatura , e que non foron realizadas (a pesar de que o goberno afirme que as ten en conta).

A xunta de goberno acorda comunicar que a xuntanza do Padroado vai ser convocado de forma inmediata e, respecto o arranxo do vial, que se tentará solucionar coa maior celeridade posible.

Visto o escrito presentado por D^a Claudia Prieto Echevarría solicitando acometida de auga en Rúa Ramón Otero Pedrayo 14, 4, esquerda , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 4-2-2020 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Notificación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático remitindo Resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotacións para a implantación de adegas e actividades de enoturismo, no lugar de Santo André de Campo Redondo, concello de Ribadavia , promotor Bodegas Casal de Armán SL, órgano substantivo Concello de Ribadavia.

Notificación de Resolución de 4 de febreiro de 2020 ditada polo Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura e Turismo desestimando o recurso de alzada interposto por ++++++ contra a Resolución da directora xeral de patrimonio cultural do 8 de marzo de 2018.

Notificación da Resolución de data 6 de febreiro de 2020 de data 6 de febreiro de 2020 ditada polo Secretario Xeral Técnico desestimando o recurso de alzada interposto por ++++++ contra Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Cultural de 4 de xuño de 2019.

Notificación de acordo do Pleno da Deputación Provincial aprobando inicialmente o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos municipais 2020 (Plan Base).

Notificación do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Resolución sobre a non necesidade de sometemento ao trámite de declaración de incidencia ambiental , recollido na Lei 9/2013, da actividade de elaboración do viño, situada no lugar de Esposende , promovida por Mixtura Parajes SL, expediente OU/2020/002.

Notificación de Resolución da Presidencia da Deputación aprobando o proxecto de “Limpeza de foxos e desbroces de vías provinciais nas zonas norte, sur e oeste” en varios concellos cun orzamento de 290.951,95 € redactado polos servizos técnicos da Deputación con data de xaneiro de 2020.

-Escrito do Xulgado do Social nº4 de Ourense, procedemento SSS Seguridad Social 0011/2020, citando como demandado ó concello de Ribadavia na demanda formulada por dona Isabel Juste Gulín contra Mutua Ibermutua Gallega, INSS, TGSS en determinación de continxencia.

A xunta de goberno acorda personarse no procedemento SSS Seguridad Social 0011/220 encomendando a defensa dos intereses municipais ó letrado don Jorge Pulido Parga.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

ORDE do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.-

O abeiro da Orde do 26 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora de infraestruturas viarias no interior do parque empresarial de Ribadavia”, por importe de 48.339,09 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

PETICION DE SUBVENCIONS.-

ORDE do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.-

O abeiro da Orde do 26 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da

Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Creación de Puntos para xestión de residuos no parque empresarial de Ribadavia”, por importe de 48.399,84 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2020.

Vista a Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2020.

A xunta de goberno local, por unanimidade , acorda:

-Aprobar os proxectos de obras ou servizos denominados Grupo de limpeza de montes, para a Axuda Aprol Rural 2020.

-Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

Orde do 20 de Decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio de 2020.-

Vista a Orde do 20 de Decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio de 2020, e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de goberno local, por unanimidade , acorda :

1º Aprobar o proxecto de obra ou servizo, denominado “Grupo Auxilio na Piscina” , na axuda de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2020.

2 Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

RESOLUCION DO 2 DE XANEIRO DE 2020, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURÍSTICOS E A XEODESTINOS DE GALICIA PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2020.-

“Vista a Resolución do 2 de xaneiro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2020, publicada no DOGA nº 28, de 11 de febreiro de 2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención e comprometerse a financiar o importe das actividades que non resulte subvencionado ao abeiro desta Resolución ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución”.

MODIFICACIÓN DE AFORO DE LOCAL 249/2020; RIB/N/08/20

Con número de rexistro de entrada no concello de Ribadavia de 25 de outubro de 2019, don José Manuel Míguez Domínguez, solicita “ que pretende modificar a ocupación do seu local destinado a tablado flamenco , para o cal conseguirá licenza” adxuntando “Memoria xustificativa de cumprimento do DB-SI Seguridade en caso de incendio ” .

Visto o Decreto 124/2019 , polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia , considerando que no Anexo non figura a actividade de Tablado Flamenco e en cumprimento do establecido no artigo 5 Asimilación de Tipoloxías , solicitouse da xefatura territorial da consellería competente en materia de espectáculos públicos a asimilación da actividade a unha das tipoloxías xa existentes, adxuntando o proxecto en base ao cal concedeuse licenza de actividade, con rexistro de saída de 27 de novembro de 2019.

Con rexistro de entrada no concello nº725 de 7 de febreiro de 2020 achégase “ Resolución sobre asimilación dunha actividade a unha das tipoloxías de establecementos públicos” da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza , de data 7 de febreiro de 2020.

Visto o informe da arquitecta municipal de data 7 de febreiro de 2020 no que se conclúe: “ En base a todo o exposto , infórmase favorablemente á modificación do aforo do local, de 100 persoas de público sentadas a 149 persoas de público de pe, na actividade de café espectáculo”

A xunta de goberno por unanimidade acorda:

-Autorizar a don José Manuel Miguélez Domínguez a modificación do aforo do local sito en Rúa San Martiño 36, de 100 persoas de público sentadas a 149 persoas de público de pé, na actividade de café espectáculo.

CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE INSTALACIONES DO CAMPO DE FÚTBOL DE O XESTAL-RIBADAVIA”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e Final da obra denominada “Acondicionameto e mellora de instalacións do campo de fútbol de O Xestal-Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Dona Mercedes Alvarez López, executado pola empresa Explotacions Medioambientais S.L.U., por un importe total de 48.000 euros.

Consta acta de recepción de data 06.02.2020.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 e Final, anteriormente indicada por importe de 48.000 euros.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Explotacions Medioambientais S.L.U..co nº10 de data 07.02.2020, pola mesma cantidade.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.